

# Acontecimentos do ano



**5 de xaneiro de 2022**

Na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns entregáronse os premios do IV Concurso de cartas aos Reis Magos, organizado polo Concello dentro do programa de Nadal, os gañadores foron: en categoría infantil, Pablo Díaz Mariño (CPR Nosa Señora do Carme “Atocha”. En educación primaria (1º e 2º), Candela Rodríguez Lema (1º EP CPR Nosa Señora do Carme CPR Nosa Señora do Carme “Atocha”). En educación primaria (3º e 4º), Miriam López Sánchez (4º EP CPR Nosa Señora do Carme “Atocha”).



Prensa Concello

**5 de xaneiro de 2022**

Os nenos e nenas betanceiros puideron pedirilles aos Reis Magos os seus regalos nas pistas polideportivas exteriores do Pavillón Polideportivo Municipal do Carregal.



Anime

**Xaneiro de 2022**

Ao longo deste mes levouse a cabo por iniciativa do Concello unha campaña de apoio ao comercio de proximidade consistente en varios premios, no que participaron arredor de sesenta comerciantes.

**25 de xaneiro de 2022**

A profesora da Universidade de Santiago, a betanceira Teresa Amado Rodríguez, presentou na facultade de Filoloxía da Universidade Complutense de Madrid o libro “Antoloxía Palatina. Libros XIII, XIV e XV” publicado pola editorial do CSIC na colección Alma Mater.

**Xaneiro de 2022**

O Concello presentou na Feira de Turismo (Fitur) en Madrid a campaña “Betanzos te espera” cun vídeo promocional e fotos que difundiu, ademais de na caseta, nas pantallas xigantes de Gran Vía e Callao. Presentouse así mesmo, unha emoticona da tortilla que a alcaldesa, María Barral, entregou á ministra de turismo, Reyes Maroto.



Prensa Concello

**29 de xaneiro de 2022**

No edificio Arquivo tivo lugar o contacontos para nenos e as familias “Son San” por conta de Raquel Queizás dentro do programa Sábados Miúdos.



**Febreiro de 2022**

Ao longo deste mes desenrolouse o programa organizado polo Concello “Versos rosalianos na rúa”, para conmemorar o aniversario de nacemento de Rosalía de Castro. Colocáronse algúns dos seus poemas nos balcóns dos principais edificios municipais.



**5 de febreiro de 2022**

No edificio Arquivo presentouse o libro “Las 1001 recetas del palacete de los Mendoza”,

da autoría do historiador betanceiro, Ángel Arcay Barral.

### Febreiro de 2022

Neste mes celebrouse a programación “Cine no Alfonsetti”, organizada polo Concello, coa proxección das películas: “Spider-Man” (Sam Raimi, 2002), “Spider-Man 2” (Sam Raimi, 2004), “Spider-Man 3” (Sam Raimi, 2007) e “The Amazing Spider-Man” (Marc Webb, 2012).

### Febreiro de 2022

Nos fins de semana deste mes celebrouse na Aula de Cultura Xulio Cuns o XIII Encontro de Teatro Afeccionado de Betanzos, organizado pola Agrupación Teatral Mariñán e o Concello de Betanzos. Nel participaron as compañías: Namarella Teatro (Verín) coa obra “Espérame en el cielo”; Leneas Teatro (Sada) con “La dama del Alba”; Gargallada Teatro (O Barco) con “Un desastre de función”; e a Asociación Cultural Cardume (A Coruña) con “O galego, a mulata e o negro”.



### 8 de febreiro-11 de marzo de 2022

Na Sala Jesús Núñez do Edificio Arquivo, puido contemplarse a exposición de collage titulada “Recortes, palabras y demás”, das artistas Antía Soto e Ara-Sol Romero.

### 12 de febreiro de 2022

No edificio Arquivo realizouse o Obradoiro de danza creativa en familia: movemento, apego e lingua por conta de Laura Martínez Rey de Xanzá Movemento Eco-creativo.

### 17 de febreiro de 2022

Tivo lugar, organizado polo Concello e dirixido ao alumnado de secundaria do IES As Mariñas, o Obradoiro de apoderamento lingüístico e ferramentas para a activación de falantes por conta de Rexenerando Sociedade Cooperativa Galega.

### 17 de febreiro de 2022

A alcaldesa, María Barral, fixo entrega dos premios aos gañadores da X Semana do Pincho e da tortilla realizadas en 2021. Os premios do pincho foron para a Vinoteca Versalles e os do voto popular para Adega do Pino. O gañador co concurso de tortilla foi Bar Galicia.



Prensa Concello

### 19 de febreiro de 2022

Dentro do programa Sábados Miúdos, organizado polo Concello a través de Lingua a Escena da Rede Cultural da Deputación da Coruña, tivo lugar no edificio Arquivo, o contacontos “Entre arrollos e contiños” por conta de Migallas Teatro.

### 19 de febreiro de 2022

A “Asociación de Veciños da Magdalena e a Condomiña” organizou neste día un obradoiro cerámico.

### 21 de febreiro de 2022

Organizado polo Concello a través do programa Lingua a escena da Rede cultural da Deputación da Coruña, celebrouse na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns, a repre-

sentación teatral “Bicos con lingua” de Talía Teatro para o alumnado de secundaria dos centros de ensino polo “Día Internacional da Lingua Materna”.



Prensa Concello

**21 de febreiro de 2022**

A alcaldesa, María Barral e o concelleiro de deportes, Andrés Hermida recibiron no pavillón Polideportivo do Carregal á selección galega benxamín de fútbol.

**23-25 de febreiro de 2022**

Dentro do programa Día de Rosalía de Castro, organizado polo Concello levaronse a cabo nos centros de ensino varias sesións de contacontos con Polo Correo do Vento coa obra “Figueiriñas que eu prantei” e obradoiros como o de “Rap con Rosalía” de Vella Escola e de poesía a cargo das escritoras galegas Dores Tembrás e Antía Otero do colectivo Apiario.

**Febreiro de 2022**

Deron comezo as obras de restauración do convento de Donas.

**25 de febreiro de 2022**

A Asociación Cultural Libre de Paderne Roxin Roxal presentou no edificio Arquivo o libro “Unha etapa estelar e conflitiva de Galiza”, da autoría de Francisco Rodríguez.



**26 de febreiro de 2022**

A Asociación Arqueiros do Adarve organizou no pavillón do IES As Mariñas o X Trofeo de Tiro con Arco.

**Marzo de 2022**

A cidade de Betanzos uniu forzas para axudar á poboación ucraína para paliar os efectos da guerra. O Concello ofreceuse como acolledor dunha unidade de convivencia de refuxiados en resposta ao chamamento do Ministerio de Migracións a través da Xunta de Galicia e da Federación Galega de Municipios e Provincias. Ademais Protección Civil de Betanzos e SOS Hostalería Betanzos organizaron sendas recollidas de material sanitario, alimentos e roupa de abrigo.

**4 de marzo de 2022**

O Concello presentou no CEIP Vales Villamarín o xogo Coñece o teu casco, un xogo educativo para que os nenos coñezan o valor cultural e histórico de Betanzos. Consta de varias fichas das que foi autor o ilustrador betanceiro, Xosé Tomás.



Artime

**4 de marzo de 2022**

Na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra

“Tabú” interpretada pola compañía Tarabela Creativa, financiado polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero do Ministerio de Igualdade e coa colaboración do Concello.

### Marzo de 2022

Nos domingos deste mes celebráronse as “marchas de primavera”, organizadas polo Clube Caimanes Betanzos, o Clube Ciclista Betanzos e o Concello. Na última xornada realizáronse sorteos de material e de agasallos cedidos por establecementos comerciais e empresas da cidade.



### Marzo de 2022

O Concello puxo en funcionamento unha nova canle de comunicación coa veciñanza a través de Whats-App, mediante o que as persoas usuarias poideron recibir información puntual sobre novas de interese tanto relativas á xestión municipal como a actividades culturais.

### Marzo de 2022

A padexeira Irene Lata do Clube Ría de Betanzos, proclamouse subcampiona de España sub23 en K1 5000 en Sevilla e campiona galega senior no K2 5000 xunto con Carla Fernández.




fotos.blogspot.com

### 6 de marzo de 2022

Alberto Castro Rodríguez proclamouse en Jaen campión de España de parataekwondo na modalidade de poomsae.

### 9 de marzo de 2022

Na Aula de Cultura Xulio Cuns do Edificio Arquivo, tivo lugar a presentación do libro *Peñas sacras de Galicia* dos autores Martín Almagro Gorbea e Fernando Alonso Romero editado pola Fundación Luis Monteagudo. No acto, presidido pola alcaldesa, María Barral, participaron os autores e o presidente da Fundación, Alfredo Erias.



Almagro

### 9-10 de marzo de 2022

Con motivo do “Mes da muller” e organizados polo Concello, desenroláronse nos centros educativos da cidade actividades de narración oral “Dámoslle a volta ao conto” por conta da narradora Raquel Queizás.

### 11 de marzo de 2022

Dentro do programa Cine no Alfonsetti tivo lugar a proxección da película “Lost in Translation” (Sophia Coppola, 2003).

### 11 de marzo de 2022

No edificio Arquivo tivo lugar a entrega dos distintivos “Mulleres Emprendedoras”, cos que o Concello reconece a aquelas mulleres que abriron negocio ou se fixeron titulares dunha empresa no ano pasado de 2021. Nesta ocasión foron trece as mulleres premiadas.



Prensa Concello

**12 de marzo de 2022**

No edificio Arquivo, organizado polo Concello, realizouse o Obradoiro de danza creativa en familia: movemento, apego e lingua por conta de Laura Martínez Rey de Xanzá Movemento Eco-creativo.

**12 de marzo de 2022**

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra “Gloria Nacional” interpretada pola compañía Teatro do Noroeste, organizada polo Concello dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

**15 de marzo de 2022**

Faleceu neste día María José Martínez Couceiro. Licenciada en farmacia pola Universidade de Santiago. Foron catro décadas exercendo a súa profesión na Farmacia Couceiro.



Prensa Concello



**15 de marzo de 2022**

A alcaldesa, María Barral e o concelleiro de deportes, Andrés Hermida recibiron no edificio Arquivo aos deportistas Brais Cano Fariñas (campión galego junior de patinaxe artístico) e Rafael Simón Varela (campión galego alevín de karting).

**15 de marzo de 2022**

Entregáronse as compostelanas aos participantes nas etapas do camiño xacobeo realizado polo Concello.

**17 de marzo de 2022**

No centro de ensino IES As Mariñas, e organizado polo Concello, desenvolveuse o Obradoiro de apoderamento lingüístico e ferramentas para a activación de falantes por conta de Rexenerando Sociedade Cooperativa Galega.



Anime



Anime

**20 de marzo de 2022**

A Asociación de Mulleres Rurais Liafail foi galardoada co XIV Premio Úrsula Meléndez de Texeda, organizado polo Concello, no que se reconece a dedicación de mulleres en diversos ámbitos da sociedade betanceira.

**Marzo de 2022**

O concelleiro e ex senador, José Ángel Rodríguez Prieto, presentou a súa renuncia como membro da Corporación, cargo que ocupaba desde 2011. Foi candidato á alcaldía en 2015 e senador desde 2015 a 2019.



El Ideal Gallego.com



**21-25 de marzo de 2022**

Organizado polo Concello de Betanzos dentro do programa do “Día da Poesía” e a través de Lingua a escena da Rede cultural da Deputación da Coruña, celebráronse nos centros de ensino os espectáculos “Epístola de Aldaolado ás neofalantes” por conta de María Lado e Lucía Aldao e “A primavera das poetas” por conta da escritora galega Antía Otero de Apiario.

**23 de marzo-20 de abril de 2022**

Na Sala Jesús Núñez do Edificio Arquivo, organizada polo Xacobeo, puido contemplarse a exposición de debuxos sobre o Camiño Inglés titulada “O debuxo é o Camiño”, das artistas Roisín Curé e Maru Godas.

**25 de marzo de 2022**

Dentro do programa Cine no Alfonso Setti tivo lugar a proxección da película “Marie Antoinette” (Sophia Coppola, 2006).

**26 de marzo de 2022**

Dentro do programa Sábados Miúdos organizado polo Concello a través de Lingua a escena da Rede cultural da Deputación da Coruña, celebrouse na Aula de Municipal de Cultura Xulio Cuns o espectáculo musical para nenos e familias “O que levamos nas maletas” por conta de Magín Blanco.

**26-27 de marzo de 2022**

No edificio do Matadoiro do barrio da Ribeira, organizada pola Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos, celebrouse o I Showroom Celebra, unha mostra das diferentes posibilidades que ofrecen as empresas locais no que respecta á organización de eventos como vodas, bautizos ou comunións e ao mesmo tempo serviu de promoción aos negocios participantes.

**30 de marzo de 2022**

Organizado polo Concello dentro do programa do Día da Poesía, celebrouse nos centros de ensino o Obradoiro de poesía e escrita creativa “Todo está na escrita” por conta das escritoras galegas Dores Tembrás e Antía Otero do colectivo Apiario.

**Abril de 2022**

Na Sala Jesús Núñez do edificio Arquivo puido contemplarse a exposición de pintura de M. Yuste.

**Abril de 2022**

Leváronse a cabo obras de restauración dos escudos históricos do interior e exterior da Casa do Concello.

**1 de abril de 2022**

Na Aula de Cultura Xulio Cuns do edificio Arquivo e nos centros de ensino de secundaria levouse a cabo o Proxecto Memoria con varias sesións de narración oral a cargo da contadora Charo Pita. Foi organizado polo Concello e contou co patrocinio da Deputación da Coruña e da Fundación Paideia.



La Voz de Galicia

**1 de abril de 2022**

Tivo lugar en As Pontes de García Rodríguez a entrega do VI Premio HUME de investigación en ciencias sociais, outorgado ao historiador betanceiro Ángel Arcay Barral, polo seu traballo “Mujeres espontaneadas: fragilidad humana y cópula carnal en las comarcas del Eume y Ferrol (ss.XVIII-XIX).”



**8 de abril de 2022**

Dentro da programación Cine no Alfonso Setti, organizada polo Concello, proxectouse a película “Joker” (Todd Phillips, 2019).

**9-17 de abril de 2022**

Ao longo destes días desenvolvéronse os actos de Semana Santa, organizados pola Confraría de Semana Santa de Betanzos, que deron comezo coa lectura do pregón por conta do bispo auxiliar de Santiago de Compostela, José Prieto Fernández. Contouse con actuacións

actuacións musicais dentro do V Ciclo de Música Sacra no que participaron a Banda Municipal de Betanzos, Coral Polifónica de Betanzos a Escola Clave de Fa con Fátima Carro, Mariña Fernández, Daria Pankratova, Ruslan Asanov, e Pedro Lamas coa Misa de Gaita co Coro de Voces Rurais das Mariñas dirixidas por Ance Laganovska.

Acompañando as diversas procesións participaron a Agrupación Musical Santísimo Cristo da Boa Morte de Ferrol, a banda de gaitas e tambores Zucurrundullo de Castroverde (Lugo), a banda de gaitas Agarimo de Ferrol e a Banda Nosa Señora do Nordés de Ferrol e a Banda Naval Viveiro. Agrupación musical Virxe da Amargura e a Banda das Angustias, ambas as dúas de Ferrol, a soprano Clara Jelihovschi e o pianista David Jelihovschi. Complementouse a celebración coa proxección do vídeo oficial e o acto de entrega do premio de fotografía.



semanasanta.betanzos.net

### 20-22 de abril de 2022

Dentro dos actos organizados polo Concello con motivo da celebración do Día Internacional do Libro e da Lectura, celebráronse os obradoiros “Achegándonos á palabra” e “Obradoiro de apoderamento lingüístico e ferramentas para a activación de falantes” nos centros de ensino da cidade por conta do colectivo Apiario e Rexenerando Sociedade Cooperativa Galega. Celebráronse así mesmo, diversas sesión de contacontos “Florencio nas ondas: unha homenaxe á vida e obra de Florencio Delgado Gurriarán” por conta da narradora Raquel Queizás.

lasnuevasmusas.com



### 21 de abril de 2022

A poeta betanceira, Raquel Vázquez, asistiu como convidada á entrega do Premio Cervantes no Paraninfo da Universidade de Alcalá de Henares que este ano correspondeu a Cristina Peri Rossi.

### 22 de abril de 2022

A Asociación Cultural Libre de Paderne Roxin Roxal presentou no edificio Arquivo o libro “Lingua, poder e adolescencia” da autoría de Miguel Carnota. Contaron tamén coa actuación do grupo de teatro Os Quinquilláns.

### 22 de abril de 2022

Dentro da programación Cine no Alfonsoetti, organizada polo Concello, proxectouse a película “Parásitos” (Bong Joon-ho, 2019).

### 22 de abril de 2022

Organizado pola Asociación Cultural do Coro Gaos coa colaboración do Concello, celebrouse na igrexa de Santiago un concerto deste coro e o de San Juan Bautista de Leioa.

### 23 de abril de 2022

Dentro do programa Sábados Miúdos organizado polo Concello, celebrouse na Sala de Usos Múltiples do edificio Arquivo o contacontos “Corochas”, por conta de Xarope Tulú.

### 23 de abril de 2022

Dentro do programa “Ler conta moito” organizado polo Concello de Betanzos celebrouse





na Biblioteca Municipal A. Castelao o contacontos e obradoiro de cociña para nenos “Marcelina na cociña” por conta de Iria Mejuto.

**23 de abril de 2022**

Os padexeiros betanceiros, Carlos Arévalo e Ivan Fernández foron primeiro e terceiro na 1ª Copa de España de Sprint Olímpico celebrada en Verducido (Pontevedra) na proba de K1 200.

**23 de abril de 2022**

Na Aula de Cultura Xulio Cuns do Edificio Arquivo tivo lugar a representación teatral da obra “A lingua das bolboretas” interpretada pola compañía Sarabela Teatro. Organizada polo Concello dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

**26 de abril de 2022**

No Pleno celebrado neste día tomou posesión como concelleira, Araceli López Cotos, substituindo a José Ángel Rodríguez no Partido Popular.

**27 de abril de 2022**

Nos centros de ensino desenvolveuse o Obradoiro de poesía e escrita creativa “Todo está na escrita”, organizado polo Concello e que foi desenrolado polas escritoras galegas Dores Tembrás e Antía Otero do colectivo Apiario.

**28 de abril de 2022**

No edificio Arquivo presentouse “Novembro” de Pura Tejero coas actuacións musicais de Lama Sabactani con Xulio Cuns, Xulio López e Pepe Chas coa presentadora Pastora Veres.

**29 de abril de 2022**

No pazo de Mariñán a Deputación da Coruña rendeulle unha homenaxe ao compositor betanceiro, Carlos López García Picos, con motivo do centenario do seu nacemento. Interpretáronse varias obras de piano, incluída a súa A.35, a cargo dos pianistas, Julio Mourenza e Jorge Briones Martínez, acompañados pola voz do poeta Miguel Anxo Fernán-Vello.

**29 de abril de 2022**

No edificio Arquivo desenrolouse a xornada “O Arquivo Sonoro de Galicia e o Mapa Sonoro de Galicia: vila a vila”, organizado polo Consello da Cultura Galega coa colaboración do Concello.

**30 de abril de 2022**

No edificio Arquivo, organizado polo Concello, desenrolouse o Obradoiro de danza creativa en familia: movemento, apego e lingua, por conta de Laura Martínez Rey de Xanzá Movemento Eco-creativo.

**30 de abril de 2022**

Na Biblioteca Municipal A. Castelao e dentro do programa Ler conta moito, tivo lugar o obradoiro de maxia para nenos “Quen quere ser mago?” por conta de Magia en la Manga.

**30 de abril de 2022**

No cine Alfonso Setti celebrouse un concerto-exposición baixo o título Calendario Floral. Participaron ao violín, Ioan Haffner; violonchelo, Eva Otero e clavicémbalo, Carles Marigó. A ilustración científica foi de Sarela Lorenzo.



Belanzos e a súa comarca



Prensa Concello





### Maio de 2022

Ao longo deste mes levouse a cabo o Programa de actos das Letras Galegas, organizado polo Concello, que este ano estivo dedicado a Florencio Delgado Gurriarán. Para o seu desenvolvemento contou coa participación de diversas agrupacións culturais betanceiras, aparte das propias institucións municipais, como a exposición bibliográfica na Biblioteca Municipal Castelao ou a do Edificio Arquivo coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Adriana Abeijón Llovo de 6º de primaria do CEIP Francisco Vales Villamarín foi a gañadora do Concurso de carteis das Letras Galegas.

### 1 de maio de 2022

Celebrouse o “Canto dos Maios” polas rúas e prazas de Betanzos por conta do alumnado da Escola Municipal de Folclore (EMUF).

### Maio de 2022

O Concello organizou neste mes un ciclo de concertos no Palco da Música baixo o título “O palco resoa”, no que actuaron Carlos Bau, Pepe Piña e Cristian Leggiero & Paty Lesta.

### 5 de maio de 2022

A alcaldesa, María Barral e o concelleiro de deportes, Andrés Hermida recibiron ao equipo do Betanzos campión da liga fútbol 8 benxamín.



Arume

### 5 de maio de 2022

O escritor sueco de orixe grego, Theodor Kallifatides, estivo este día en Betanzos no Instituto Francisco Aguiar e no edificio Arquivo onde dou unha charla.



### 6-12 de maio de 2022

Dentro do Programa de actos das Letras Galegas organizado polo Concello leváronse a cabo nos centros de ensino varias sesións do obradoiro “A rebotica dos contos”, pola compañía Xandobela dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña.

### 6 de maio de 2022

Dentro do programa Cine no Alfonsetti, organizado polo Concello, tivo lugar a proxección da película “A Praia dos afogados” (Gerardo Herrero, 2015).

### 7 de maio de 2022

Dentro do programa “Ler conta moito” da Xunta de Galicia levouse a cabo na Biblioteca Municipal A. Castelao o contacontos para nenos “A capitana Mariana”.

### Maio de 2022

Estreouse neste mes o videoclip “Insane” da banda de rock betanceira, Sickeeper.

### 7 de maio de 2022

Organizado polo Concello dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña celebrouse na Aula de Cultura Xulio Cuns o espectáculo de maxia para os nenos e as familias “As nosas letras”.



### 8 de maio de 2022

Celebrouse a XXVI Volta á Comarca Brigantina que organizou o Clube Ciclista Betanzos. Nela tivo lugar o Campionato Galego de Fondo e contou coa participación de máis de 200 participantes.



### 13 e 26 de maio de 2022

Celebrouse ao longo deste días no edificio Arquivo o “XI Ciclo de Conferencias do Anuario Brigantino 2022, ano Antolín Faraldo”, organizadas polo Concello de Betanzos. A primeira foi a titulada “Faraldo, un home novo. Unha nova biografía á luz da documentación inédita e descoñecida” por conta do filólogo, Xurxo Martínez González. A segunda. “O nacemento do galeguismo político” por conta do historiador Justo Beramendi González.



### 14 de maio de 2022

Na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra “Os Nenos da Variola” interpretada pola compañía Pérez&Fernández. Organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.



### 16 de maio de 2022

No parque municipal Pasatempo celebrouse a II edición da Festa da Xuventude na que houbo música e actividades para diferentes franxas de idade, entre as que se atopaba a 1ª batalla de rapeiros, xogos para os máis pequenos con Genma Pardo, obradoiro de cócteis sen alcohol, e actuación do músico local, Pablo Duro.

### 18 de maio de 2022

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a posta en escena do espectáculo “A Danza das Letras” por conta da Escola de Danza Danzarte para público familiar.

### 18-25 de maio de 2022

Ao longo destes días dentro do programa de actos das Letras Galegas, tiveron lugar nos centros educativos o Obradoiro de apoderamento lingüístico e ferramentas para a activación de falantes por conta de Rexenerando Sociedade Cooperativa Galega; o obradoiro de poesía e escrita creativa Todo está na escrita, por conta das escritoras galegas Dores Tembrás e Antía Otero do colectivo Apiario; o concerto infantil titulado Coas miñas mans por conta de Pablo Díaz e un contacontos ilustrado sobre Florencio Delgado Gurriarán.

**19 de maio de 2022**

Na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns tivo lugar unha homenaxe a María Casares por conta do Estudio de Teatro Casahamlet baixo o título “A muller rebelde”.

**20 de maio de 2022**

No edificio Arquivo tivo lugar o acto de entrega dos premios do XII Concurso de carteis das Letras Galegas e do XI Concurso de creación literaria, organizado polo Concello de Betanzos para promover o emprego escrito da lingua galega e fomentar a creación literaria xuvenil. O premio en categoría aberta foi para Iria María Sánchez García (1º ESO IES As Mariñas). Na categoría de bacharelato e ciclos formativos para Clara Blanco Veres (2º Bacharelato IES As Mariñas). En categoría ESO quedou deserto o primeiro premio.



Arume

**20 de maio de 2022**

Dentro da programación do cine Alfonsetti tivo lugar a proxección da película “Trote” (Xacio Baño, 2018).

**20 de maio de 2022**

No edificio Arquivo tivo lugar a conferencia “Florencio Delgado Gurriarán: vida e obra dun poeta no exilio mexicano” por conta de Miro Villar. Foi organizada polo Concello dentro do Programa do Día das Letras Galegas.

**21 de maio de 2022**

Celebrouse no pavillón polideportivo un torneo de taekwondo, organizado polo club Kwon Betanzos coa colaboración do Concello.



Arume

**21 de maio de 2022**

Celebrouse, na Aula de Cultura Xulio Cuns e polas rúas da cidade, o VII Encontro de Escolas de Música Tradicional, coa participación da Escola de Instrumentos Tradicionais Sementeira de Cambre e da Escola Municipal de Folclore de Betanzos (EMuF).

**21 de maio de 2022**

Dentro do programa Sábados Miúdos celebrouse na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns do edificio Arquivo o espectáculo musical para nenos “Ramona órbita e a dona do tempo” por conta de Pakolas.

**21 de maio de 2022**

Carlos Arévalo e os seus compañeiros do K4 (Craviotto, Germade e Cooper) proclamáronse campións na 1ª Copa do Mundo celebrada en Racice (República Checa).



**26 de maio de 2022**

A alcaldesa, María Barral e o concelleiro de deportes, Andrés Herrmida recibiron no edificio Arquivo aos alevíns e infantís do Betanzos C.F. campións nas súas respectivas categorías.



Arume

## CICLO DE CONCERTOS



### VIOLONCHELO E PIANO

Obras de Falla, García-Picos, Marzapal e Piazzolla

AS PONTES Salón de actos da Casa Dupree	SÁBADO, 7 12.00 h.
RIANXO Auditorio Municipal	VENRES, 20 11.00 h.
BETANZOS Aula de Cultura Xulio Cuns	SÁBADO, 28 20.30 h.

### 28 de maio de 2022

Celebrouse estes días na Aula de Cultura Xulio Cuns o Ciclo de concertos polo Centenario do nacemento do compositor betanceiro, Carlos López García-Picos, organizados pola Deputación da Coruña, que constaron dun concerto para violonchelo e piano a cargo de Teresa Morales Diego e o pianista Javier Ares Espiño. Para voz e piano coa soprano Susana Lorenzo e o pianista Alejo de Lorenzo. Estes concertos foron interpretados ademais nas localidades das Pontes e Rianxo.

### 28 de maio de 2022

No cine Alfonso Setti, dentro do programa do Día das Letras Galegas elaborado polo Concello, celebrouse o concerto didáctico “Música e evolución” por Pablo Carpintero.

### 28 de maio de 2022

No edificio Arquivo realizouse o Obradoiro de danza creativa en familia: movemento, apego e lingua por conta de Laura Martínez Rey de Xanzá Movemento Eco-creativo. Foi organizado polo Concello dentro do Programa do Día das Letras Galegas.

### 2 de xuño de 2022

Na igrexa de San Domingos celebrouse un concerto a cargo do Coro da Escola Municipal de Música da Coruña, que interpretou a obra Magnificat de Antonio Vivaldi. Contou coa colaboración da Unidade Pastoral de Betanzos e o Concello.

### 3-9 de xuño de 2022

No edificio Arquivo poido contemplarse a exposición “O mar non quere levar” realizada polos alumnos de 3º de Educación Primariado CEIP Francisco Vales Villamarín.

### 4 de xuño de 2022

Na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns, tivo lugar o espectáculo familiar “A miña lingua, a túa lingua” por conta da compañía Oviravai dentro do programa Falaredes da Rede de dinamización lingüística da Xunta de Galicia en colaboración co Concello.



Arume

### 5 de xuño de 2022

Celebrouse o I Circuito de Piragüismo en Augas Tranquilas Deputación Provincial da Coruña no que participaron diferentes clubs da provincia en varias categorías.

### 5 de xuño de 2022

O club Ría de Betanzos de piragüismo e o Concello tributaron unha homenaxe ao medallista olímpico Carlos Arévalo coa instalación duns aros olímpicos no porto betanceiro.

### 5-11 de xuño de 2022

Celebrouse ao longo destes días a 37 edición do Campionato de España de Baloncesto de Clubs Infantís Femininos que tiveron como sedes: Abegondo, Miño, Pontedeume e Betanzos. O gañador foi o Barça CBS.



Arume



Prensa Concello

**7 de xuño de 2022**

Nos centros de ensino da cidade, organizado polo Concello, desenvolveuse o Obradoiro de apoderamento lingüístico e ferramentas para a activación de falantes por conta de Rexenerando Sociedade Cooperativa Galega.

**9 de xuño de 2022**

Con motivo do centenario do nacemento do compositor betanceiro, Carlos López García Picos, a Real Filharmonía de Galicia, dirixida por Maximino Zumalave, tocou dúas obras súas: Sindy e Concierto para piano, fagot, cuerdas y percusión A. 106, interpretada esta última polo pianista Javier Ares Espiño e o fagotista, Alex Salgueiro.

**10 de xuño de 2022**

Dentro da programación de Cine no Alfonsetti tivo lugar a proxección da película “Encallados” (Alfonso Zarauza, 2013).

**10-30 de xuño de 2022**

Celebrouse na Sala Jesús Núñez do edificio Arquivo unha exposición colectiva titulada “Artistas da Fundación CIEC 2022”.

**11 de xuño de 2022**

No edificio Arquivo desenvolveuse o Obradoiro de danza creativa en familia: movemento, apego e lingua por conta de Laura Martínez Rey de Xanzá Movemento Eco-creativo, organizado polo Concello.

**15 de xuño de 2022**

Faleceu neste día o mozo betanceiro, Noel Balsa, que encabezou unha intensa campaña, xunto coa súa familia, para recadar fondos contra o meduloblastoma.

**17 de xuño de 2022**

No Teatro Colón da Coruña a Agrupación Teatral Mariñán recibiu os premios á mellor obra por “Crime Desorganizado” e a mellor actuación de reparto para Inés Valiño, no XXIII Certame de Teatro Escolar e Afeccionado da Deputación da Coruña. No acto estiveron presentes o presidente da Deputación, Valentín González Formoso e o deputado de cultura, Xurxo Couto.



Betanzos e a súa comarca

**18 de xuño de 2022**

Dentro do programa Sábados Miúdos celebrouse no edificio Arquivo o contacontos para nenos “Comerá o bebé?” por conta de Cris de Caldas.

**18 de xuño de 2022**

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tiveron lugar os actos de clausura do curso de actividades da Escola Municipal de Folclore.



Arume

### 22 de xuño de 2022

Na igrexa de Santiago tivo lugar un concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia “Homenaxe a Carlos López García-Picos con motivo do centenario do seu nacemento”, baixo a dirección de José Trigueros. Foi organizado polo Consorcio para a Promoción da Música coa colaboración do Concello de Betanzos.

### 24 de xuño de 2022

Dentro da programación de Cine no Alfonso Setti tivo lugar a proxección da película “Os fenómenos” (Alfonso Zarauza, 2014).

### 25 de xuño de 2022

Celebrouse o 1º Reencontro de Música Tradicional na praza de Doña Águeda, coa participación da Escola de Música e Baile Tradicional do Concello de Outes e a Asociación A Fuliada do concello de Betanzos.



Arume



Prensa Concello

### 26 de xuño de 2022

Varios centos de persoas déronse cita no recinto do Pasatempo para participar no primeiro Encontro de Maiores. Un evento no que o Concello tratou de render homenaxe aos maiores de sesenta anos. A festa contou coa actuación do Dúo Sonidos, Sito Sedes e a orquestra Los Satélites.

### 27-30 de xuño de 2022

Desenvolvéronse ao longo destes días varios actos encadrados nas “Xornadas Irmandinhas Xohán Branco e a grande Revolta Irmandinha”, organizadas pola Asociación Lar de Unta coa colaboración da Deputación da Coruña, Nova Poesía Guitirica, Librería Biblos e o Concello. Consistiron nunha charla/coloquio “O espírito revolucionario de Antolín Faraldo” por conta de Dani Seixo. Así mesmo, presentouse o libro de teatro da Editorial Medulia titulado “Un corvo en Caldaloba” de M. Xosé Lamas e

celebráronse un recital de poesía e unha unha charla/coloquio con Fran Zabaleta, autor do libro Xoán Branco e a gran revolta irmandiña.

### 1 de xullo de 2022

Neste día tomou posesión do seu cargo Ángel Arcay Barral como novo director do Museo das Mariñas e da Biblioteca e o Arquivo Municipal de Betanzos, tras superar o proceso selectivo que se convocou para substituír ao anterior director, Alfredo Erias.

### 2 de xullo de 2022

Na Sala Xulio Cuns do edificio Arquivo tivo lugar unha palestra coa sexóloga Martina González Veiga. Esta actividade estivo enmarcada na campaña da Deputación da Coruña “Liberdade de Ser e Sentir” polo Día da diversidade sexual, na que colaborou o Concello de Betanzos.

### 3 de xullo de 2022

Ao redor de 400 ciclistas de toda Galicia participaron na VII Minibtt Concello de Betanzos organizada polo Club Btt Caimanes.



**4 de xullo de 2022**

Comezou a funcionar este día o servizo de bus de balde á praia de Miño posto polo Concello.

Prensa Concello



**7 de xullo de 2022**


Como preámbulo da Feira Franca Medieval realizouse unha visita guiada para nenos “O medievo para nenos/as” polo casco histórico de Betanzos e o Museo das Mariñas.

**7 de xullo de 2022**

Na Sala Xulio Cuns do edificio Arquivo tivo lugar a proxección do documental “Inés, aquilo que nos une”. Iniciativa de María José Pérez ao abeiro do Fondo de proxectos culturais en lingua galega Xacobeo 2021-20212, que contou coa colaboración do Concello de Betanzos.

**8-10 de xullo de 2022**

Celebrouse a XXIII edición da Feira Franca, declarada de Interese Turístico de Galicia, que contou con diversas recreacións históricas realizadas por voluntarios e grupos teatrais: expulsión dos leprosos, carreira de barrís, torneo medieval... A Feira comezou coa lectura do pregón a cargo do vicedirector do IES As Mariñas de Betanzos, Xulio Loureiro González.



Arume





Arume



Arume



Prensa Concello

**14-16 de xullo de 2022**

Celebrouse a II edición do festival “Pasatempo en Betanzos” promovido por Gandy e no que actuaron Iván Ferreiro, Los Secretos e un espectáculo de Cantaxogos. Actuou tamén o Eme Dj e o betanceiro Alem, Teté Sparrow DJ, Rapariga DJ. A presentación do festival aparte de Gandy, estiveron presentes a directora xeral de Turismo, Nava Castro e a alcaldesa, María Barral.

**15-17 de xullo de 2022**

Ao longo destes días viñéronse celebrando na Praza da Constitución diversas actuacións dentro do programa do XI Festival BetanJazz no que participaron os grupos: “La Habitación de la Música”, “Pablo Sanmamed Trio” e o grupo “Amoeba Split”.

**15 de xullo-27 de agosto de 2022**


Ao longo destes días puido verse na sala Jesús Núñez a exposición titulada “Sensaciones”, do artista betanceiro José Valentín.

**16 de xullo de 2022**

Celebrouse por augas do Mandeo a procesión da Virxe do Carme. Foi un acto organizado pola Asociación Amigos de los Ríos de Betanzos (Arbe), a Asociación Recreativa, Cultural e Deportiva O Pedrido, o Club Náutico Ría de Betanzos, o Club de Remo Olímpico, a Agrupación Xóvenes do Pobo e a Unidad Pastoral de Betanzos. Coincidiu este acto coa xornada reivindicativa de melloras para a navegación na ría de Betanzos.

**19 de xullo de 2022**

Clausurouse o Obradoiro de Emprego que se desenrolou nestes últimos meses para alumnos de dos concellos Abegondo, Carral, Coiros, Paderne e Betanzos coa colaboración da Xunta de Galicia.



La Voz de Galicia

**19-22 de xullo de 2022**

Celebrouse ao longo destes días a XX Semana Internacional de Cine de Betanzos, organizada polo Concello, baixo o título “Unha muller fronte á cámara”, na que se premiou á actriz María Pujalte. O cine Alfonso Setti acolleu a proxección das películas “Oh Mammy Blue” (Antonio Hens, 2018), “A mi madre le gustan las mujeres” (Inés París e Daniela Féjerman, 2004), “Semen: una historia de amor” (Inés París e Daniela Féjerman, 2005) e “Laura y el misterio del asesino inesperado” (Pablo Guerrero, 2022).



Arume

No acto de clausura estiveron presentes a directora Inés París, o director do festival, José María Paz Gago, a historiadora e crítica de arte, María Fidalgo e a actriz María Pujalte que recibiu o galardón de mans da alcaldesa, María Barral.

**23 de xullo de 2022**

Celebrouse na Praza dos Irmáns García Naveira o XXVI Festival de Folclore Día de Galicia, coa actuación do Grupo Azougue da Escola Municipal de Folclore e o Grupo de Danza y Paloteo Virgen de las Angustias (Pobladura de Pelayo García, León).



Arume

**29-31 de xullo de 2022**

Celebrouse polas rúas da cidade o VII Festival de Artes Escénicas na Rúa “Vai de rúa”, coas actuacións: compañía Troula co espectáculo “Ruffina e Benito”, compañía IO co espectáculo “4 SEG”, Paco Nogueiras (Brinca Vai!) con “Extra”, Fani Triana con “Abraios de rúa”, Entremans con “Menguantes”, Exire con “Fugaces”, Wilbur con “Piensa en Wilbur”, Pablo Díaz con “Tic tac toc”, Títeres Cachirulo con “O cachimóbil”, Mago Rafa con “A nova maxialidade” e a compañía SU.MA. co espectáculo “Ikigai”.

**6 de agosto de 2022**

Celebrouse unha nova edición de “Caneiros en Familia”, organizada polo Concello e destinada a difundir e inculcar os valores tradicionais da romaría.

**12 de agosto de 2022**

Rendíuselle unha homenaxe ao padexeiro brigantino, Carlos Arévalo, que foi recibido pola Corporación Municipal despois de proclamarse campión do mundo en K-4 500 e no K-1 200 en Halifax (Canadá).

**12 de agosto de 2022**

Na igrexa de Santiago tivo lugar o Concerto Cidade de Betanzos, no que interviron a Agrupación Musical Carlos Seijo, a Coral Polifónica de Betanzos e a Banda Municipal de Música de Betanzos.



Arume



Arume

**14 de agosto de 2022**

Na Praza da Constitución, a alcaldesa María Barral, coroou á raíña das festas, a moza Nerea Abruñedo Fernández. Seguidamente, desde o balcón da Casa Consistorial tivo lugar a lectura do pregón a cargo da vicepresidenta primeira do goberno e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, Nadia Calviño Barral. Este acto representou o comezo oficial das festas.

Pregón das Festas de San Roque



Artime



#### 14 de agosto de 2022

Na Sala Capitular do Concello fíxose entrega dos premios Garelos que lles foron concedidos ao escritor e xornalista, Xesús Fraga o Garelo de Cultura, Taberna García na categoría de Comercio e industria, Francisco Freire na categoría de Deporte e un Garelo especial aos arquitectos Xan Casabella López e Xosé Díaz Vieites polos proxectos de recuperación do parque Pasatempo.

#### 15 de agosto de 2022

Na Praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da raíña infantil das festas, a rapaciña Esther Viqueira Pérez, que recibiu a coroa de mans da alcaldesa, María Barral. Seguidamente, a moza betanceira, Carmen Ferreiro Pernas deu lectura ao pregón infantil.

#### 16 de agosto de 2022

A alcaldesa, María Barral realizou a tradicional Función do Voto, na igrexa de San Domingos.



#### 18 e 25 de agosto de 2022

Foron moitas as lanchas engalanadas que subiron río arriba polo Mandeo ata o campo dos Caneiros. O día 18 realizouse tamén o lanzamento do Globo. Este último non puido ser lanzado o día 16 como é habitual debido ao mal tempo, o que fixo que a Fundación Globo de Betanzos, que asumiu por primeira vez o seu lanzamento o pospuxese para este día, o que non ocorría desde 1967.

#### 26-28 de agosto de 2022

Celebráronse ao longo destes días os Xogos Florais de Betanzos, edición Antolín Faraldo 2022 co desenvolvemento do coloquio e presentación do proxecto “A Cousa”. Houbo actuacións musicais a cargo de Meiga-i “A drag pandereteira”, “A Tajea” así como desfiles de traxes tradicionais da man de “Sarillo”. Organizaron o Proxecto Pesquedellas e a Deputación da Coruña coa colaboración do Concello de Betanzos e Café Lanzós.



#### 2 de setembro de 2022

Na Praza Fernán Pérez de Andrade colocouse un monólito cunha placa en homenaxe a Antolín Faraldo, dentro dos actos do programa polo bicentenario do seu nacemento. O acto foi presidido pola alcaldesa, María Barral e contou coa presenza de varios concelleiros.

#### Setembro de 2022

Publicouse o libro Animalia número 4, da autoría de Xosé Tomas. Un novo título do proxecto de banda deseñada protagonizado por animais editado por Xerais.

### **2-4 de setembro de 2022**

Desenrolouse nestes días o “BrigoDanza pola rúa” con obradoiros de danza, exhibicións e concertos. Contouse para a súa celebración co grupo “Trío Cubey”, “Social SBK”, “Tropicalia Troupe”. Foi organizado pola Escola de baile SalsaNova que contou coa colaboración do Concello.

### **3-4 de setembro de 2022**

Celebrouse na Praza dos Irmáns García Naveira a I Feira de Oportunidades organizada pola Deputación da Coruña e o Concello e na que participaron 14 comercios e empresas de Betanzos.

### **9 de setembro de 2022**

Na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral “The Witch, un espectáculo ritual” por conta de Diana Sieira, organizada polo Concello dentro do V Ciclo Metropolitano de Música e Artes pola Igualdade Elas son Artistas.

### **17-25 de setembro de 2022**

A fundación Fragas do Mandeo celebrou a Semana de Custodia do Territorio, na que o voluntariado retirou 1,5 toneladas de lixo do río Mendo e da ría de Betanzos.

### **23 de setembro a 14 de outubro**

Na sala de exposicións Jesús Núñez do edificio Arquivo tivo lugar a exposición de fotografía “Balconadas” do alumnado de 3º de ESO do IES Francisco Aguiar e que foi organizada polo centro educativo.

### **24 de setembro de 2022**

Celebrouse polas rúas e estradas da cidade unha proba do Campionato de Galicia de ciclismo en estrada.

### **24 de setembro de 2022**

Dentro do programa Sábados Miúdos que organizou o concello realizouse no edificio Arquivo o danzaconto para nenos e familias “Ritmos na selva” por conta de Raquel García Rey de Xanzá Movemento Eco-creativo.

### **24 de setembro de 2022**

Dentro dos actos programados polo Concello con motivo do bicentenario do nacemento de Antolín Faraldo, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns a representación da obra teatral “Abril de Lume e Ferro” por conta da Asociación Cultural Abril de Lume e Ferro.



### **25 de setembro de 2022**

O Mesón O Pote de Betanzos acadou o primeiro premio no XV Campionato de España de Tortilla de patatas, no marco da IV Feria Alicante Gastronómica. O primeiro posto foi compartido co restaurante La Tizona de Logroño.

### **30 de setembro de 2022**

Organizado polo Concello dentro do programa Lingua a escena da Rede cultural da Deputación da Coruña realizouse na Aula de Cultura Xulio Cuns a actividade “Música e lingua” por conta do grupo galego Zenzär, dirixido ao alumnado dos centros de ensino da cidade.

### **30 de setembro-9 de outubro de 2022**

Celebrouse ao longo destes días a XII Semana da Tortilla de Betanzos, que contou coa participación de 19 locais de hostalería. Por segundo ano consecutivo resultou gañador, tanto do xurado como do público, o Bar Galicia, Este ano como novidade, celebrouse un concurso de tortillas caseiras acadando o premio Jorge Río.



Arume



### **Outubro de 2022**

O Concello renovou o parque de xogos infantís do CEIP Francisco Vales Villamarin.

#### **1 de outubro de 2022**

Na Aula de Cultura Xulio Cuns do Edificio Arquivo tivo lugar a sesión extraordinaria pública da entrega do Premio “Marcial del Adalid”, na súa modalidade Medalla de Ouro á Coral Polifónica de Betanzos, outorgada pola Real Academia Galega de Belas Artes.



Arume

#### **3 de outubro de 2022**

Foron recibidos pola alcaldesa, María Barral un grupo de alumnos de Ragusa (Sicilia) de intercambio do proxecto Erasmus co colexio CPR Plurilingüe Nuestra Señora del Carmen Atocha de Betanzos

#### **5-7 de outubro de 2022**

Dentro da programación da celebración do bicentenario do nacemento de Antolín Faraldo, desenroláronse nos centros educativos da cidade obradoiros pedagóxicos “Faíscas de futuro”, arredor da súa figura, por conta de “Rexenerando SGC”.

#### **Outubro e novembro de 2022**

Leváronse a cabo nos centros sociais da localidade para distintas asociacións varios cursos de iniciación á informática e teléfono móbil.



Arume

#### **8 de outubro de 2022**

Celebrouse o Raid Gallaecia, pola Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Proba do campionato de Europa de carreiras de aventuras que combina as disciplinas de trekking, bicicleta de montaña, kaiak, rapel e orientación. Participaron 186 deportistas integrados en 54 equipos que percorreron 185 quilómetros..



Arume

#### **8 de outubro de 2022**

Na Aula de Cultura Xulio Cuns do Edificio Arquivo tivo lugar a representación teatral da obra “O electo” interpretada pola compañía Contraproducións. Foi organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

**10 de outubro de 2022**

No Cine Alfonso Setti foi inaugurada a cuarta edición da Universidade Sénior de Betanzos da Universidade da Coruña coa financiación da Xunta de Galicia. O obxectivo é o de compartir experiencias e coñecemento para os maiores de 50 anos.



Atume

**12 de outubro de 2022**

Celebrouse polas rúas da cidade o Día da Bicicleta, unha xornada organizada polo Concello e promovida por La Voz de Galicia.



Atume

**14 de outubro de 2022**

No edificio Arquivo presentouse o libro “Recordos daquel pasado” da autoría de Francisco Pico Pena, a presentación correu a cargo do escritor betanceiro, Xesús Fraga. O acto foi organizado pola Asociación Cultural Libre de Paderne Roxin Roxal.



Estévez Fernández, D.

**15 de outubro de 2022**

Celebrouse no antigo matadoiro a Vendima Infantil, con preto dun cento de rapaces do colexio Vales Villamarín. Esta actividade foi organizada polo Concello xunto coa adega Pagos de Brigante e na que colabora a Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.



Atume

**Outubro de 2022**

As obras de restauración do retablo de San Pedro na igrexa de Santa María do azougue posibilitaron o descubrimento dun arcosolio sobre un sepulcro e unha pintura mural policromada. As obras de restauración foron levadas a cabo polo equipo de Carlota López Brea e financiadas pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

**17-19 de outubro de 2022**

Celebrouse o XXVII Festival Internacional de Títeres Galicreques, organizado pola Asociación Cultural Barriga Verde e o Concello de Betanzos, no que participou a compañía Coriolis de Uruguai co espectáculo “Trapos”, a compañía Tres Tigres Teatro de Arxentina con “Los sueños de Trucas” e Espada de Madera con “El mundo es un pañuelo”.



**19-29 de outubro de 2022**

Na Sala de Exposicións Jesús Núñez do Edificio Arquivo tivo lugar, dentro dos actos do XI Memorial Carlos López García-

Picos, a exposición “Carlos López García-Picos (1922-2009). Música nas marxes do Prata e do Mandeo” comisariada por María del Carmen Lorenzo e Javier Ares Espiño, e organizada pola USC, a Xunta de Galicia e o Concello de Betanzos. No acto de inauguración presentouse o I Concurso de composición de música de cámara Carlos López García-Picos, que organizará o Concello de Betanzos.

**Outubro de 2022**

Ao realizarse as obras de renovación de servizos e pavimentación dun tramo da rúa de Santa María apareceu a entrada a unha gruta subterránea.



**20-21 de outubro de 2022**

Nos centros escolares, dentro da programación do Ano de Antolín Faraldo organizado polo Concello, desenvolvéronse varios espectáculos de narración oral “Faraldo. Todo para Galicia” arredor da súa figura por conta de Raquel Queizás.

**21 de outubro de 2022**

Presentouse na librería Biblos o libro “Tres segundos na zona” da autoría de Xabier López con ilustracións de Michel Casado dentro da colección Oqueleo Santillana.



**22 de outubro de 2022**

Celebrouse o V Ciclocros Concello de Betanzos, organizado polo Club Caimanes Betanzos, coa participación duns 400 corredores de España e Portugal.

**22 de outubro de 2022**

Na Aula de Cultura Xulio Cuns do edificio Arquivo tivo lugar a representación teatral da obra “O que hai que ver” interpretada pola compañía Fulano, Mengano e Citano. Organizou o Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

**24 de outubro de 2022**


Nos centros escolares, organizado polo Concello, desenvolveuse o Obradoiro de poesía e escrita creativa “Todo está na escrita” por conta da escritora galega Antía Otero do colectivo Apiario.

**29 de outubro de 2022**

Dentro da programación de Sábados Miúdos, que organizou o Concello, celebrouse na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns do edificio Arquivo, o contacontos teatral para nenos e as familias “Unha presada de castañas” por conta de Caxoto Contacontos.

**4 de novembro ao 10 de decembro de 2022**

Na Sala Jesús Núñez tivo lugar a exposición de instrumentos medievais “A memoria do son”, da colección de instrumentos musicais, obxectos sonoros e arquivo documental do Centro de Artesanía e Deseño, que organizaron a exposición coa colaboración da Deputación de Lugo e o Concello.



**5 de novembro de 2022**

Na igrexa de Santa María do Azogue, organizada pola Unidade Pastoral de Betanzos, tivo lugar unha xornada de divulgación dos labores de restauración do retablo de San Pedro, a recuperación do arcosolio e pintura superior.



### **9-10 de novembro de 2022**

Nos centros educativos da cidade, organizadas polo Concello, desenvolvéronse varias sesións do Obradoiro de apoderamento lingüístico e ferramentas para a activación de falantes por conta de Rexenerando Sociedade Cooperativa Galega.

### **Novembro de 2022**

O Concello presentou as bolsas realizadas no centro Pai Menni co lema “Betanzos tan cerca” que se empregan en campañas de promoción institucional.

### **10 de novembro de 2022**

No Centro Social da terceira idade de Betanzos tivo lugar un contacontos ilustrado sobre Florencio Delgado Gurriarán por conta de Polo correo do vento para as persoas participantes no Obradoiro de memoria e estimulación cognitiva.

### **11 de novembro de 2022**

Dentro do programa “Cine no Alfonso” tivo lugar a proxección da película “Millennium: Los hombres que no amaban a las mujeres” (David Fincher, 2011).

### **11-18 de novembro de 2022**

A Federación Galega de Comercio elixiu Betanzos como unha das sedes da súa campaña “Mercar no teu comercio ten premio”, na que se sortearon 1.000 euros en premios entre os clientes dos negocios de proximidade.

### **11 de novembro de 2022**

Os alcaldes de Oza-Cesuras, Pablo González; Paderne, Cesar Longo e Betanzos, María Barral inauguraron o novo servizo de atención temperá, que puxeron en marcha de forma conxunta nas instalacións de Pai Menni. Este novo servizo permite que os veciños non teñan que desprazarse ao Hospital Materno Infantil Teresa Herrera da Coruña.



Arume

### **Novembro de 2022**

O Concello, con subvención da Deputación da Coruña, adquiriu unha rozadora de brazo articulada para realizar traballos de desbroce nas vías municipais

### **12 de novembro de 2022**

Na Biblioteca Municipal A. Castelao, realizouse unha sesión de “Xogos de mesa en galego: xogar, aprender, medrar” de Brazolinda, dirixida a público infantil e familiar, organizada polo Concello.

### **12 de novembro de 2022**

Na Aula de Cultura Xulio Cuns do edificio Arquivo tivo lugar a representación do espectáculo “Bailar agora” interpretada pola compañía Marta Alonso Tejada. Foi organizado polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

### **14 de novembro de 2022**

Nos centros educativos da cidade desenvolveuse o obradoiro de poesía e escrita creativa “Todo está na escrita” por conta das escritoras galegas Dores Tembrás e Antía Otero do colectivo Apiario.

### **16-18 de novembro de 2022**

Dentro do programa Lingua a escena da Rede cultural da Deputación da Coruña desenvolvéronse nos centros educativos da cidade varias sesións do contacontos “Chimpo de ra” de Medrando en galego con Nano por conta de Raquel Queizás.

### **18 de novembro de 2022**

O Concello de Betanzos e a Universidade Sénior da Universidade da Coruña clausuraron

a IV edición do Programa de Formación Universitaria para Maiores de 50 anos, impartida ao longo dos meses de outubro e novembro no Cine Alfonso e que contou con 75 participantes.

Prensa Concello



**19 de novembro de 2022**

Dentro do programa Sábados Miúdos organizado polo Concello celebrouse no edificio Arquivo o espectáculo musical para nenos e familias “A Voar” por conta de Cé Orquestra Pantasma.

**19 de novembro de 2022**

Na Aula de Cultura Xulio Cuns, tivo lugar o concerto didáctico “Música e evolución” por conta de Pablo Carpintero. Foi organizado polo Concello dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña.

**19-20 de novembro de 2022**

No edificio do Matadoiro do barrio da Ribeira, organizada pola Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos, celebrouse o II Showroom Celebra coa participación dunha decena de negocios relacionados coa organización de eventos.

**25 de novembro de 2022**

O Concello sumouse aos actos do Día Internacional de Eliminación da Violencia contra a Muller cunha concentración na Praza da Constitución e a lectura dun manifesto por parte dos membros de violencia de xénero da Garda Civil. O acto estivo enmarcado na campaña “En Negro contra as Violencias” da Deputación da Coruña.



Arume

**25 de novembro de 2022**

Dentro do programa Cine no Alfonso tivo lugar a proxección da película “Thelma y Louise” (Ridley Scott, 1991).

**26 de novembro de 2022**

Decenas de persoas animáronse a participar na IX andaina contra a violencia de xénero. Unha iniciativa do Consorcio das Mariñas. Ao remate na Aula de Cultura deuse lectura a un manifesto conxunto dos oito concellos que engloba.



Arume

### **26 de novembro de 2022**

Na Aula de Cultura Xulio Cuns do edificio Arquivo tivo lugar a representación do espectáculo “Smoke on the water” interpretado pola compañía Ibuprofeno Teatro. Foi organizado polo Concello dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

### **29 de novembro de 2022**

Comezou a actividade “Grupo de nais e pais pola saúde” dentro do programa de prevención no ámbito familiar “Máis que un teito”, levada a cabo pola Unidade de Prevención de Condutas Aditivas do Concello de Betanzos, en colaboración coa Consellería de Sanidade.



### **Decembro de 2022**

En todo este mes desenvolveuse o programa de Festexos de Nadal, organizado polo Concello, que contou coa colaboración de diferentes asociación e colectivos da cidade. O programa foi ilustrado cun debuxo de Julia Álvarez Río, de 6º de primaria do CPI Plurilingüe Nosa Señora do Carme Atocha. Os restantes debuxos do concurso de carteis puideron visitarse na exposición do Edificio Arquivo.



### **Decembro de 2022**

O Concello abriu un Aula de Estudo que os alumnos poden usar pola noite no Centro Social de Maiores na praza do Campo. Complementouse así o horario da Biblioteca Municipal A. Castelao.

### **2-11 de decembro de 2022**

Celebrouse ao longo destes días a Semana do Pincho, no que participaron 22 locais de hostalería con variadas e orixinais creación. O petisco gañador foi o do restaurante Cho. O gañador da votación popular foi a Adega do Pino.

### **3 de decembro de 2022**

Na Igrexa de Santa María do Azougue, tivo lugar o Concerto da Ilusión da Banda Municipal de Música de Betanzos. Foi organizado polo Concello de Betanzos coa colaboración da Asociación Amigos da Banda.

### **Decembro de 2022**

Ao longo deste mes celebráronse nos centros educativos da cidade, organizados polo Concello, varios espectáculos e obradoiros: “A maxia non se toca” por conta do Mago Rafa, dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña; o obradoiro de poesía e escrita creativa Todo está na escrita por conta das escritoras galegas Dores Tembrás e Antía Otero do colectivo Apiario; o espectáculo de narración “Historias a tres” por conta de Ramiro Neira, Caxoto e Charo Pita; “De feira con Cunqueiro” por Ramiro Neira; “Vaia maxia” polo Mago Román e “Nexos” pola compañía Eire.

### **3 de decembro de 2022**

Na Aula de Cultura Xulio Cuns, dentro do Circuito na igualdade da Deputación da Coruña, representouse a obra Miss Docet pola compañía Eléctrica.

### **3-6 de decembro de 2022**

O club Han’s Horang-i de Betanzos participou no campionato de España pro clubs conseguindo dúas medallas de ouro (Jessy Sun e Ana Llin Shin Veiga) en infantil feminino e cadete. Luis Alberto Castro unha de prata en parataekwondo.

### **9 de decembro de 2022**

No edificio Arquivo, organizado por Roxin Roxal, proxectouse A rosa incandescente,



unha curtametraxe sobre Rosalía de Castro.

**10 de decembro de 2022**

Na Aula de Cultura Xulio Cuns do edificio Arquivo tivo lugar a representación teatral da obra “Coser e contar” interpretada pola compañía Marta Ortiz, no XIV Ciclo de Teatro en Familia organizado polo Concello de Betanzos.

**11 de decembro de 2022**

Dentro da programación Cine no Alfonsetti organizada polo Concello, proxectouse a película para público familiar “Vaya Santa Claus” (John Pasquin, 1994).

**12-19 de decembro de 2022**

Os profesionais do Centro de Saúde de Betanzos colaboraron co Banco de Alimentos Rías Altas na “Gran Recogida Solidaria”.

**14 de decembro de 2022**

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o festival de Nadal da Escola de Danza Danzarte.



Arume

**15 de decembro ao 15 de xaneiro de 2022**

Puido visitarse ao longo destes días o belén móbil que dirixe Manuel López Castro, situado no segundo andar do edificio Arquivo.

**16 de decembro de 2022**

Na igrexa de Santiago celebrouse un concerto da Coral Polifónica El Eco, celebrando o seu 140 aniversario. Estivo organizado pola Deputación da Coruña coa participación de Gadis e o Concello.

**16 de decembro de 2022**

No edificio Arquivo tivo lugar a entrega de premios do concurso de carteis de Nadal organizado polo Concello

**16 de decembro de 2022**

Na igrexa de Santiago tivo lugar un concerto de Nadal da Coral Polifónica El Eco da Coruña vinculado á programación Inverno Cultural da Deputación da Coruña.

**17 de decembro de 2022**

O alumnado da Escola Municipal de Folclore (EMuF) realizou no adro de San Domingos os tradicionais cantos de Nadal.

**17 de decembro de 2022**

Dentro do programa Sábados Miúdos, organizado polo Concello, celebrouse o contacontos ilustrado para nenos e familias “O misterio do Nadal” por conta de Polo Correo do Vento.



Betanzos e a súa comarca

**Decembro de 2022**

O compositor, betanceiro de adopción, Xavier de Paz, foi nomeado académico correspondente da Real Academia Galega de Belas Artes.

**17 de decembro de 2022**

Dentro dos actos do XIV Ciclo de Teatro en Familia celebrouse na Aula de Cultura Xulio Cuns a representación teatral da obra “Laberinto de ilusións” interpretada pola compañía Mago Román.

### **Decembro de 2022**

Tivo lugar neste mes o proceso de orzamentos participativos proposto polo Concello que dispuxo a cantidade de 100.000 euros. De 420 votos a maioría optou pola proposta de crear unha instalación dirixida aos afeccionados ao ciclismo ao aire libre.

#### **18 de decembro de 2022**

Dentro da programación de Cine no Alfonsetti, organizado polo Concello, tivo lugar a a proxección da película para público familiar “Un padre en apuros” (Brian Levant, 1996).

#### **18 de decembro de 2022**

Na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o concerto de Nadal: Encontro de corais, onde interviñeron a Coral Polifónica Follas Novas da Coruña e a Coral Polifónica de Betanzos.

### **Decembro de 2022**

Dentro dos actos de Nadal organizados polo Concello tiveron lugar nos diferentes centros escolares e centros sociais as visitas dos Reis Magos e de Papá Noel.

#### **20 de decembro ao 5 de xaneiro de 2022**

Na Sala de Exposicións Jesús Núñez do edificio Arquivo tivo lugar a exposición e mercado de bordados artesanais realizados polo Centro Ocupacional Pai Menni.

#### **21 de decembro de 2022**

Celebráronse no edificio Arquivo os xa tradicionais Plenos Infantís dos colexios da localidade, que contaron coa presenza da alcaldesa, María Barral.



Anime

#### **22 de decembro de 2022**

Foi instalada na Praza do Campo unha pista de xeo natural, unha actividade incluída dentro da programación do Nadal.

#### **22-27 de decembro de 2022**

Celebráronse ao longo destes días na Residencia García Irmáns as Xornadas de Convivencia coa Terceira Idade, organizadas polo Concello, nas que participaron o Grupo Azogue da Escola Municipal de Folclore, Agrupación Musical de Pulso y Púa Carlos Seijo e a Banda Municipal de Música de Betanzos.

#### **23 de decembro de 2022**

Na Praza da Constitución tivo lugar unha xornada de Xogos Tradicionais, organizada pola Asociación de Amigos do Casco Histórico.

#### **27 de decembro de 2022**

Na igrexa de Santiago tivo lugar o Concerto de Nadal coa actuación do Coro Joven e do Coro Infantil da Orquestra Sinfónica de Galicia, organizado pola Orquestra Sinfónica de Galicia coa colaboración da Unidad Pastoral de Betanzos.

**28 de decembro de 2022**

No edificio Arquivo ofreceuse unha recepción a representantes das entidades locais, tanto veciñais como sociais, deportivas, educativas, culturais e empresariais. O acto foi presidido pola alcaldesa, María Barral e tamén estiveron presentes varios membros da Corporación.



Arume

**30 de decembro de 2022**

Na igrexa de Santiago tivo lugar o Concerto extraordinario de Nadal da Banda Municipal de Música de Betanzos coa colaboración do Coro do Conservatorio Municipal de Música de Betanzos. Foi organizado polo Concello de Betanzos en colaboración coa Asociación de Amigos da Banda de Betanzos.

**31 de decembro de 2022**

A pesares do mal tempo celebrouse a IV San Silvestre Betanceira organizada polo Concello e o Club Atletismo Betanzos. Participaron arredor de oitocentos corredores. A cara solidaria da proba foi a recadación de 825 euros para a Asociación de loita contra a esclerose múltiple da Coruña.



Arume